



1000 ANOS: A HISTORIA DA ZANFONA DO ORGANISTRUM Á ELECTROACÚSTICA



A ZANFONA en 1000 ANOS: DO ORGANISTRUM Á ELECTROACÚSTICA

Concerto didáctico sobre a organoloxía, iconografía, repertorio, tipos e usos dun dos instrumentos máis carismáticos e singulares de Europa. Con máis de dez séculos de historia e co mesmo principio mecánico desde entón, este “sintetizador medieval” continúa a ser un grande descoñecido para o público xeral, incluso tamén para o entendido. Esta sesión ofrece a oportunidade de descubrir este tesouro musical nun percorrido diacrónico desde os modelos esculpidos de organistrum, as miniaturas das sinfonías, as táboas dos mestres flamencos, a modernización da zanfona barroca, a *vielle à roue* na corte francesa, os enxendros de *lyra organizatta* ou zanfona órgano, os gravados dos folkloristas do Rexionalismo, as fotos dos últimos cegos mendicantes en Ucraia e Galicia, o revival do folk, a fascinación do drone e a electroacústica até a zanfona contemporánea.

A sesión céntrase no contexto europeo do instrumento atendendo a particularidade que tomou na Península Ibérica, así coma ao repertorio de músicas tradicionais en Galicia. A idea é ofrecer un recital dunha hora dun xeito ameno e variado intercalando imaxes, música, anécdotas e historia desta magnífica máquina musical.

Repertorio, do século X ao XXI

- Cantos medievais: afinación do organistrum, cantigas de troveiros galaico-portuguesas (Martim Códax e Afonso X)
- Danzas renacentistas: branle, saltarello,...
- Melodías barrocas: Chedeville, Corette,... a *vielle à roue* na corte de Luis XV
- Cantos de cegos: a zanfona nos cancioneros dos folkloristas no cambio de século
- O fado da feira: repertorio dos músicos ambulantes transmisores do corpus literario e musical das tradicións de Galicia e Portugal: o fado “antigo”
- Novos sons: Faustino Santalices e as gravacións de 1929
- Vellas danzas para tempos novos: composicións modernas sobre xéneros tradicionais
- Zanfona contemporánea: as técnicas estendidas e as posibilidades da electroacústica
- Un canto colectivo: canción tradicional galega para facermos xuntos coa audiencia

Duración: 50'

Idades: de 6 a 14 anos

Necesidades

- 1 computador con entrada USB
- 1 canón para proxectar imaxes desde ese computador
- 1 cadeira sen brazos

Material exhibido

3 zanfona:

- zanfona ibérica com caixa acústica de guitarra luthier Xermán Arias (Sarria, Lu)
- *vielle à roue* francesa con caixa acústica de laúde, luthier Bernard Kerbouef (La Chatre, Fr.)
 - zanfona electroacústica Alto, luthier Wolfgang Weichselbaumer (Viena, Aus)



Breve biografía: ARIEL NINAS

Ariel Ninas move-se entre a tradição mais evoluída, irrespectuosa e a contemporaneidade mais efémera. Este pseudomúsico nómade sempre caminhou entre realidades sonoras dispares e complementares como a sua trajetória vital entre várias (mini)cidades galegas, Madrid, Londres e Oxford, lugar este onde formou a sua primeira banda de punk-rock-skiffle-cabaret acústico Inflatable Buddha -sanfona, tabla, baixo e poesia- com os que girou por Inglaterra durante dois anos e editou dois discos.

De formação autodidáctica é quando volve a Galiza que retoma o estudo formal da música tradicional em aCentral Folque, Centro Galego de Música Popular da mão de Óscar Fernández, o grande renovador da sanfona na Galiza do século XXI.

Actualmente toca em vários projectos de música experiemntal e improviso livre fruto da sua participação com a **OMEGA**, Orquestra de Música Espontânea da Galiza -ImaxinaSons'09 com Fred Frith, Traumzeit Festival (Duisburg) com Michael Fisher. Com o **Comando Delta** deconstruindo a Golpes Bajos com Germán Coppini; com a dupla vocal Annamoviek; a dupla com Ángel Faraldo em A:A ou a trio na electrónica e multimédia de Ulobit com Xoan Xil e Horacio Gómez.

Faz música para teatro -"En construcción" e dança contemporânea com interpretação ao vivo-"Habelas" da Cía. Traspédiente (Prémio Injuve 2010)



LINKS:

web

<https://arielninas.wordpress.com>

vídeo:

<https://www.youtube.com/watch?v=D5GldAGzuno>

contacto:

maurocomunica@folque.com

+34 630 983 107